



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

29 SEP. 2025 15:21:57

Entrada **82618**

Sobre a dotación de medios do SVA na Galiza

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Portavoz adjunto



Á MESA DO CONGRESO

O GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, a instancia do deputado do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), NÉSTOR REGO CANDAMIL, ao abeiro do disposto no artigo 193 e seguintes do vixente Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI relativa a dotación de novas embarcación no Servizo de Vixilancia Aduaneira na Galiza** para o seu debate na **COMISIÓN DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Vixilancia Aduaneira (SVA) é un corpo especializado da Axencia Tributaria que desenvolve funcións esenciais na loita contra o narcotráfico, o contrabando, a fraude fiscal e outros delitos económicos, especialmente relevantes na costa galega.

Na Galiza, que conta con máis de 1.500 km. de litoral, o SVA desempeña un papel fundamental na seguranza cidadá en colaboración con outras forzas e corpos do Estado. Porén, nos últimos anos, a súa situación laboral e operativa está a verse afectada debido a diversos factores, principalmente a falta de persoal e o avellentamento do cadro de persoal sen relevo xeracional; a precarización das condicións laborais nunha profesión que, a pesar do duro exercicio, non está considerada de risco, que conta cunha elevada carga de traballo e sen retribución de horas extraordinarias; a inoperatividade por falla de medios materiais suficientes e adecuados; ademais da falta dunha adecuada organización dos operativos.

Estas carencias poñen en risco a eficacia do servizo, dificultan a retención de persoal cualificado e comprometen a súa seguranza, ademais de afectar

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

29 SEP. 2025 15:21:57

Entrada **82618**



negativamente á capacidade de resposta. Debe lembrarse que foron dadas de baixa as embarcacións das bases de Ribadeo e Muros, que se producen constantes reparacións dos barcos pola súa antigüidade e que o helicóptero con base en Vigo fica paralizado por razóns de mantemento, chegando a estar 6 meses e 1 semana parado. Así mesmo, no mes de xullo houbo unha semana na que todas as embarcacións do SVA estiveron de reparacións en estaleiros, quedando a costa sen a debida cobertura e vixilancia.

Resulta evidente , pois a necesidade extrema de renovar a flota marítima de vixilancia aduaneira, como ven denunciando o BNG e a representación dos traballadores e traballadoras. As embarcacións teñen demasiados anos e superan sobradamente o tempo de servizo previsto para o que foron deseñadas, porén, seguen sen ser substituídas por novas lanchas. Os últimos contratos de subministración destes barcos están executándose a conta gotas, con retrasos e con deficiencias estruturais e de estabilidade que están a corrixiarse continuamente, como está a pasar coas oito patrulleiras de alta velocidade ou como ocorreu coa patrulleira “condor”. Ademais, non está garantido que se destine ningunha das novas embarcacións a algunha das bases marítimas galegas.

Porén, a Axencia Tributaria non achegou aínda ningunha solución para que as bases da Galiza conten con embarcacións en condicións adecuadas, mais é urxente adoptar as medidas para garantir os medios precisos e que estes sexan seguros para os traballadores e traballadoras.

Así, a Axencia Tributaria podería adquirir as embarcacións mediante licitacións nas que o obxecto se divida en lotes, de tal maneira que a construción non recaia só nun estaleiro licitador, e a subministración sexa simultánea polos distintos adxudicatarios e non como até agora, en que o encargo a un só estaleiro, a pesar do establecemento de prazos, vén retrasando as entregas pendentes.

No entanto, e para dar unha solución áxil á falta de medios náuticos na Galiza, considerar a utilización do previsto no artigo 367 sexies 1.b) da Lei de Xuizamento Criminal que establece que “poderá autorizarse a utilización provisional dos bens ou efectos comisados preventivamente nos seguintes



casos: b) Cando se trate de efectos especialmente idóneos para a prestación dun servizo público”. Así mesmo, o artigo 4.1 da Lei 17/2003, de 29 de maio, que se regula o Fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados recolle que “en casos determinados, e de forma excepcional e motivada, os bens do fondo non consistentes en diñeiro ou outros instrumentos de pagamento ao portador poderanse destinar, a solicitude dos destinatarios e beneficiarios establecidos no artigo 3.1, á satisfacción de cales queira das actividades ou fins previstos no artigo 2 desta lei, previo acordo da Mesa de Coordinación de Adxudicacións”.

Por tanto, aplicando a normativa, sería factíbel o uso de embarcacións comisadas. Cabe destacar que o 27 de agosto o propio SVA interceptou 10 embarcacións en augas do Estreito de Xibraltar, que foron incautadas e depositadas nos terreos de “Illa Verde Exterior” en Alxeciras. Estas embarcacións fican varadas, por tanto, para evitar a súa deterioración material e funcional, ou que xeren elevados gastos de depósito e conservación, poderían ser licitamente destinadas, aínda que fose de forma provisional, ás bases marítimas do SVA na Galiza, mentres non se materializa a renovación das naves.

Por todo o exposto anteriormente, o BNG presenta a seguinte Proposición non de Lei:

“O Congreso insta o Goberno do Estado a:

- 1. Proceder a autorizar a utilización provisional das embarcacións incautadas para destinalas ás bases marítimas do SVA na Galiza, asegurando a operatividade en todas elas, tal e como permite a lexislación procesual.*
- 2. Estabelecer nos pregos de condicións das licitacións dos contratos de subministración de embarcacións para renovar a frota do SVA a división*



en lotes e a prohibición de adxudicar máis dun lote a calquera licitador, co fin de garantir a entrega simultánea das naves.

3. *Inicie as negociacións para a transferencia do Servizo de Vixilancia Aduaneira á Xunta da Galiza”.*

En Madrid, a 29 de setembro de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG

Portavoz Adxunto do GP Mixto